

CCOO e UXT trasladamos ás sedes das Big Four as protestas polo desbloqueio do convenio de consultoría.



A concentración do 12 de maio fronte á Asociación de Empresas de Consultoría (AEC), para esixir o desbloqueio da negociación e a retirada da proposta de convenio da patronal foi todo un éxito. Pero a AEC e asociados seguen nos seus trece, polo que continuamos coas mobilizacións.

Nesta ocasión, trasladamos as protestas a todo o territorio nacional e cambiamos de escenario, as sedes das catro grandes consultoras, as "Big Four": KPMG, PriceWaterhouseCoopers (PwC), Deloitte e Ernst & Young (EY).

Xa vai sendo hora de que as Big Four empecen a soportar o peso da súa responsabilidade no conflito. Vai tocar escoitar o que opinan das súas formulacións quen lles xera miles de millóns en beneficios cada ano.

Se non chegan a cumprir obxectivos co cliente, co persoal do que dispoñen traballando 8 horas ao día, o que necesitan non é flexibilidade, o que necesitan non é que poidan traballar 12 horas efectivas ao día e os sábados gratis señores, o que necesitan é **CONTRATAR MÁIS XENTE.**

XA ABONDA DE PRECARIZAR A CONDICIÓNS DO SEU PERSOAL!

O 26 de maio as e os delegados de **CCOO** e UXT, e quen queira sumarse, estaremos ás portas das sedes de 4 grandes consultoras nas seguintes cidades, apúntaste?

Ciudad	Empresas	Dirección	Horario
Málaga	EY	Paseo de la Farola, 5,	12:30-13:30
Sevilla	Deloitte	C/Gonzalo Jiménez de Quesada (Torre Pelli)	12:00-13:00
Santander	PWC	C/ Juan de Herrera, 18, 39002	10:00-11:00
Barcelona	EY	Avenguda Sarrià, 106, 08017	12:00-13:00
Bilbao	EY	Plaza Euskadi 5, 48009 (Torre Iberdrola)	12:00-13:00
Madrid	EY, Deloitte	C/ de Raimundo Fernández Villaverde 65, 28003 (Torre Azca)	12:00-13:00
Valencia	KPMG, PWC	Passeig de l'Albereda, 35, 46023 (Edificio Mapfre)	11:30-12:30
Oviedo		Plaza de la Escandalera	18:00-19:00

Comunicado TIC

18 de maio de 2022



ESTA VEZ ÍDESNOS ESCOITAR

Lembra que podes seguir contribuíndo a que retiren a súa proposta asinando esta petición en "Change.org" <https://bit.ly/NOPrecaryTIC>, apúntaste?

E non esquezas darlle máxima difusión en redes sociais #ConvenioTICdigno #NoPrecaryTIC

CCOO É O TEU SINDICATO, AGORA MÁIS CA NUNCA. [AFÍLIATE!](#)